



Procedemento de solicitude e de matrícula do alumnado matriculado, neste centro, en ciclos formativos de grao básico. Curso 2026-2027

Alumnado que promova ao 2º curso ou que repita 2º curso

O alumnado que acade promoción a segundo curso, no mesmo centro e ciclo, ou que repita segundo curso, por primeira vez no mesmo centro e ciclo, terá a praza garantida o ano académico seguinte. Para tal fin deberá presentar unha solicitude de reserva de praza para o segundo curso, a presentación da solicitude terá consideración de matrícula:

- Documentación:
 - Impreso de solicitude de admisión e matrícula na formación profesional de grao básico, dispoñible en conserxería.
 - Xustificante de pago do seguro escolar:
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca (só menores de 28 anos).
- Prazo de solicitude: do 22 xuño ás 09:00 horas ao 30 xuño ás 13:00 horas.

Alumnado que repita 1º curso

O alumnado que non teña promoción a segundo curso terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano académico seguinte. Para tal fin, deberá:

- Presentar solicitude de admisión e matrícula na secretaría do centro.
 - Documentación: impreso de solicitude de admisión e matrícula na formación profesional de grao básico, dispoñible en conserxería.
 - Prazo de solicitude: do 15 xuño ás 09:00 horas ao 30 xuño ás 13:00 horas.
- Comprobar que a súa solicitude estea correctamente recollida na listaxe provisional de solicitudes.
 - Publicación o 3 de xullo no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
 - De non ser así: poderá presentar unha reclamación do 3 de xullo ás 09:00 horas ata as 13:00 horas do 7 de xullo.
- Comprobar que figura na listaxe definitiva de solicitudes e que ten praza adxudicada.
 - Publicación o 10 de xullo no enderezo web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.
- Formalizar a súa matrícula.
 - Documentación:
 - Impreso de solicitude de admisión e matrícula na formación profesional de grao básico.
 - Xustificante de pago do seguro escolar:
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca (só menores de 28 anos).
 - Prazo de matrícula: do 10 de xullo ás 09:00 horas ao 31 xullo ás 13:00 horas.
 - Non matricularse na praza adxudicada implicará a perda de todos os dereitos sobre esa praza, sen prexuízo de conservar o posto nas listaxes de espera das peticións de maior preferencia, así como a posibilidade de optar a prazas liberadas.



Alumnado que teña pendente de superación unicamente a formación en empresa e/ou o módulo de Proxecto intermodular

Este alumnado poderá realizar unha segunda matrícula para este módulo, sempre que non teña esgotado o número máximo de convocatorias. Para tal fin deberá presentar unha solicitude de reserva de praza, a presentación da solicitude terá consideración de matrícula:

- Documentación:
 - Impreso de solicitude de admisión e matrícula na formación profesional de grao básico, dispoñible en conserxería.
 - Xustificante de pago do seguro escolar:
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca (só menores de 28 anos).
- Prazo de solicitude: do 22 xuño ás 09:00 ao 10 xullo ás 13:00 horas.

Alumnado que teña superados todos os módulos do ciclo

Este alumnado deberá pasar polas oficinas do centro para tramitar, o antes posible, a solicitude dos títulos.

Toda a información ao respecto está publicada en www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp e en www.edu.xunta.gal/ciclosadmission.